

Expediente IET: P-20-096
Proxecto: Parque eólico Penas Boas
Concellos: Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 05/07/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Penas Boas.

1. Antecedentes:

O IET emitiu informes sobre este proxecto con datas do 03/04/2020, 31/05/2021 e 25/05/2022, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que achega o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña, consiste nun escrito de resposta (data do 22/05/2022) aos informes do IET do 31/05/2021 e 25/05/2022, e nun documento con data de xuño 2022 denominado *Contestación al requerimiento del IET relativo al estudio de impacto e integración paisaxística del EIA del parque eólico Penas Boas, en los términos municipales de Coirós, Oza-Cesuras y Aranga (A Coruña)*. Nestes documentos reflíctense as modificacións efectuadas ao proxecto que de xeito xeral consisten en:

- Redución do número de aeroxeradores (elimínase a posición AE-04), pasando de 4 a 3 máquinas e cambio no modelo e dimensións destas pasando a ser de 5,2 MW de



potencia unitaria, 127,5 metros de altura de buxa e 145 metros de diámetro de rotor (antes empregábanse muíños de 4,2 MW, 123 metros de altura de buxa e 150 metros de diámetro de rotor). A potencia total instalada pasaría de 16,8 MW a 15,60 MW.

- Cambio no acceso ao parque eólico, o cal realizarase por un camiño de nova creación co fin de afastar as actuacións asociadas ao acceso de varios regos e brañas.
- Adecuación de camiños, gabias e plataformas das máquinas AE-02 e AE-03.
- Eliminación da torre meteorolóxica.
- Nova localización para a zona de acopios.

Así mesmo, indícanse as modificacións efectuadas sobre os parques eólicos Gato e Felga situados a uns 4 km ao oeste, pertencentes ao mesmo promotor e cos que se compartirán infraestruturas. Entre outras modificacións cabe salienta a eliminación de dous aerogeradores, un en cada proxecto, o cambio nas dimensións das máquinas e o cambio na localización da subestación do PE Gato.

A documentación achegada inclúe un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe, un estudo de sinerxías e as medidas adoptadas para evitar os impactos sobre os afloramentos rochosos e mellorar a integración paisaxística do centro de seccionamento e control.

O estudo visual sinérxico, realizado para un radio de 15 km, ten en conta entre outros elementos de interese, os miradoiros, áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), sendeiros, o Camiño de Santiago, ademais dos núcleos de poboación e as vías de comunicación máis importantes. A análise realizada reflicte que se podería producir un efecto sinérxico maior sobre os miradoiros de Aranga, Espenuca e Bandoxa. Respecto ás AEIP conclúe que será visible algún aerogerador dende menos do 20% da superficie total dentro do ámbito estudado. As AEIP-10-06 Mosteiro de Monfero, situada a uns 14 km ao norte, e a AEIP-07-01 Fraga das Barbudas e Val do Cambás, a uns 3 km ao leste, serán as de maior incidencia visual sinérxica. En relación aos núcleos de poboación a coincidencia visual será significativa, e en canto ás vías de comunicación a N-VI presentará, en algúns tramos, unha alta coincidencia visual.

Os cambios no deseño do parque resultan efectivos para diminuír certos impactos paisaxísticos. Deste xeito, o cambio de trazado do camiño que une os aerogeradores AE-02 e AE-03, o cambio no modelo das plataformas e a orientación das mesmas, así como a eliminación da máquina AE-04 e a torre meteorolóxica e polo tanto das estruturas asociadas e actuacións neses emprazamentos minimizan a afección sobre os afloramentos rochosos. Tamén se poden considerar correctas as medidas adoptadas para mellorar a integración paisaxística do centro de seccionamento e control e reducir a súa visibilidade na contorna.

4. Conclusión:

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aerogeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aerogeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os núcleos de poboación, as vías de comunicación, os miradoiros e as AEIP. Esta incidencia visual se ben non supón un impacto crítico, non poderá ser mitigada con medidas correctoras, agás nos núcleos rurais. A este respecto, e en relación coa directriz de paisaxe DX.20.c, na documentación achegada maniféstase a posibilidade de dispoñer pantallas vexetais nas proximidades dos núcleos de poboación de consenso cos seus habitantes, no caso de que exista preocupación social polo impacto visual dos aerogeradores.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, deberase adaptar o contido do EIIP ás modificacións producidas no proxecto e incorporar os novos estudos realizados e as consideracións efectuadas nos informes





emitidos por este organismo, sen que sexa necesario someter de novo a informe do IET esta documentación.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística determinadas no EIIP e na documentación obxecto do presente informe, deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

